

Código Ético de Compostela Aberta

Como cargo público da candidatura cidadá de Compostela Aberta asumo de forma consciente e libre o compromiso firme de respectar as normas de funcionamento coas que se dota dita candidatura, así como o presente Código Ético.

1. Democratización da representación política, fiscalización e rendición de contas

1.1. Defender o establecido no programa político da candidatura e actuar como representantes coa obriga de seguir as decisións tomadas nos mecanismos democráticos e abertos a toda a poboación que fixe a candidatura, promovendo a corresponsabilidade política de todos e todas.

1.2. Facer públicas as axendas das persoas representantes. Faranse públicas tamén as ordes do día e as actas das reunións agás nos casos que a lei o impida ou que a súa divulgación afecte a dereitos individuais das persoas

1.3. Facer pública a declaración de bens antes, durante (metade de lexislatura) e posteriormente a súa actividade como representante

1.4. Facer públicos os criterios e causas de contratación dos cargos de libre designación así como a rendición de contas o igual cos cargos electos, da súa actividade. Promovendo a redución destes cargos e que en ningún caso poida haber conflitos coa actividade dun funcionario.

No caso do persoal administrativo ao servizo de Compostela Aberta será contratado mediante concursos públicos nos que consten os méritos requeridos e o salario que lle corresponde pola realización das tarefas.

1.5. Render contas das súas actuacións ante a cidadanía, mediante instrumentos presenciais e virtuais, asemblearios, democráticos e abertos a todas as persoas de ámbito sectorial ou de zona (cidade, barrio ou distrito). A información presentárase sempre nun formato aberto que permita traballala.

1.6. Aceptar a censura (e revogación, no seu caso) de concelleiros e concelleiras e cargos de libre designación por mala xestión ou por incumprimento flagrante e non xustificado do programa. Para que isto sexa posible, estableceranse mecanismos de garantía e avaliación da xestión das persoas con cargos públicos da candidatura, e a cidadanía terá o

dereito de participar activamente no control e seguimento do labor dos cargos públicos para garantir unha correcta e honesta aplicación deste principio.

1.7. Non acceder durante un período, mínimo de 3 anos, a cargos de responsabilidade en empresas que fosen beneficiarias dun contrato municipal, dentro do ámbito e/ou sector onde desenvolveu a súa función representativa, agás nos casos en que proveña dese mesmo sector previamente ao desempeño do cargo público.

1.8. Manter xuntanzas periódicas co movemento asociativo e con colectivos que se atopan en situación de vulnerabilidade social, dar resposta ás súas propostas e favorece-la súa participación na toma de decisións, así como atender as indicacións dos informes técnicos das persoas da administración que traballen coordinadamente con estes colectivos e entidades

1.9. Garantir a participación da cidadanía na toma de decisións relevantes e no posicionamento político da candidatura sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico na cidade, distritos ou barrios, tendo en conta os principios de subsidiariedade e solidariedade. Todas as persoas que ocupen cargos electos e de designación comprométense a impulsar e apoiar todas as iniciativas cidadás propostas a través do marco legal vixente ou no marco da candidatura (a escala de barrio, distrito ou cidade).

1.10. Crear ou desenvolver, no seu caso, estruturas de participación e representación política, estables e periódicas, da cidadanía no marco dos diferentes ámbitos ou áreas de goberno

2. Financiamento, transparencia e xestión dos gastos

A candidatura comprométese a:

2.1. Ser transparente na súa xestión, publicando desagregados todos os datos referentes aos ingresos e gastos, que xestionará en contas de entidades de economía social e solidaria.

2.2. Pór un tope máximo ás doazóns privadas de acordo co establecido na lei

2.3. A renuncia explícita aos créditos bancarios e ás doazóns de particulares que poidan coartar a independencia política da candidatura. A candidatura terá un compromiso explícito de traballar coas institucións da banca ética para garantir a súa independencia e a coherencia co seu programa.

2.4. Apostar claramente por unha limitación drástica do gasto en campaña electoral.

2.5. Fomentar o micromecenado finalista, é dicir, o pequeno mecenado destinado a accións e necesidades concretas.

2.6. Non utilizar fundacións ou entidades xurídicas para financiarse con recursos e mecanismos pouco transparentes, e con obxectivos diferentes aos da candidatura.

2.7. A introdución de sancións administrativas e penais efectivas en caso de financiamento irregular.

2.8. A candidatura fará un uso do financiamento coherente con este código ético e os seus valores, realizando achegas puntuais e finalistas encamiñadas a fortalecer o tecido asociativo (sen xerar dependencias ou clientelismos).

3. Profesionalización da política, supresión de privilexios e medidas contra a corrupción

As persoas con cargos electos, xerenciais e de libre designación comprométense a:

3.1. Renunciar aos agasallos e privilexios que se lles poidan ofrecer pola súa condición e que poidan significar un trato de favor.

3.2. Non duplicar cargos nas institucións, agás aqueles vinculados á súa condición de concelleira/a.

3.3. Non duplicar soldos nin cobrar remuneracións extras para asistir a reunións.

3.4. Establecer unha retribución máxima de 3,5 salarios mínimos interprofesionaisnetos en 14 pagas para os cargos con dedicación exclusiva, limitando o importe nun máximo de 36.000 €. A devandita cantidade inclúe todas as retribucións xeradas nas actividades propias do cargo

Para os cargos electos sen dedicación exclusiva, poderán recibir como retribución ata un máximo mensual dun salario mínimo interprofesional, no exercicio da actividade do cargo, seguindo o seguinte baremo:

Cargos con ingresos menores a un Salario Mínimo Interprofesional: 100 %.

Cargos con ingresos entre 1 e 1,5 Salario Mínimo Interprofesional: 66%.

Cargos con ingresos entre 1,5 e 2 Salario Mínimo Interprofesional: 50%.

Cargos con ingresos maiores a 2 Salario Mínimo Interprofesional. 15%

3.5. Os cargos de libre designación cobrarán en función do traballo que desempeñen

seguindo criterios de homologación cos grupos marcados na administración local (grupo A, Grupo B...), sen poder superar en ningún momento a retribución marcada para os cargos de dedicación exclusiva.

3.6. Limitar o seu mandato a dúas lexislaturas consecutivas.

3.7. Compromiso de renuncia ou cesamento de forma inmediata de todos os cargos, ante a imputación pola xudicatura de delitos relacionados con corrupción, prevaricación con ánimo de lucro, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno, malversación e apropiación de fondos públicos, ben sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas. Así como tamén en casos de acusación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos contra os DD. HH. os dereitos das persoas traballadoras e delitos ambientais e por maltrato animal

O conxunto da candidatura comprométese a:

3.8. Desenvolver mecanismos para a conciliación entre a vida persoal e laboral.

3.9 Incorporar a perspectiva de xénero en tódalas súas iniciativas e actuacións municipais

3.10 Por como prioridade máxima na súa actuación municipal a defensa da dignidade das persoas, por diante de calquera outro interese, as persoas e a cidadanía por diante de todo, dacordo cos valores cívicos e democráticos, os Dereitos Humanos e a Cultura da Paz

Bibliografía: Este documento baseouse nos Códigos éticos redactados por [Guanyem Barcelona](#) e [Ames Novo](#)